

XA-82

ARQUEOLOXIA

As cruces antefixas románicas e sustentáculos da comarca betanceira. (*)

Por Francisco Vales Villamarín (†)
(Debuxos de Xosé Antón)

Varios dos edificios relixiosos da comarca betanceira conservan, por sorte, cruces antefixas do periodo románico, con soportes da mesma época algunhas delas, inéditas todas, excepto as correspondentes ás eirexas parroquiais de Santa María do Azougue, de Betanzos, e Santiago de Ois, no concello de Coirós, que foron reproducidas por Castelao no seu interesantísimo e documentado libro *AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA* (Buenos Aires, 1950), por Anxel del Castillo no "Boletín da Real Academia Gallega" —tomo XI, núm. 121— e Carré Aldao na *GEOGRAFIA DEL REINO DE GALICIA. PROVINCIA DE LA CORUÑA, t.1* (Barcelona, Editorial Alberto Martín), páx. 882, soio que os dous derradeiros autores non insertan o deseño da antefixa brigantina.

O meu propósito ao elaborar o presente traballo é dar a coñecer estes curiosos exemplares, completando —no que afecta ao devandito territorio— a benemérita obra do inmorrente rianxeiro, valéndome para tal mester das extraordinarias aptitudes do xenial artista e investigador cruñés Xosé Antón García G-Ledo, amigo moi dilecto, quen recorreu comigo, non fai moito tempo, a bisbarra en cuestión, onde recolléu a importante información gráfica seguinte, que paso a describer sumariamente.

(*) Traballo inédito que estaba a compoñer o seu autor, poucos días antes do seu pasamento.




Figura 1

Concello de Betanzos. Eirexa parroquial de Santiago.— Carneiro existente no piñón do ábside central. Como vemos, fállalle a cruz, que portaba o animal sobor do lombo (primeiro terzo do século XIII). E o único vestixio que nos queda dun templo da mesma época que, probablemente, se erguia no chan en que se asenta a eirexa gótica actual, erixida, conforme dixemos noutro ensexo, na décimoquinta centuria, por Fernán Pérez de Andrade "O Mozo", sexto señor de Pontedeume, quen tivo o grande acerto de conservar aquel vello recordo, segundo fixera antes coa antefixa, tamén románica, de Santa María.





Figura 3

Betanzos. Eirexa parroquial de Santa María de Pontellas.— Cruz antefixa, potenziada, que se ergue no piñón do ábside. Carece de pedestal zoomorfo.



XA-84

Figura 2

Betanzos. Eirexa parroquial de Santa María do Azogue.— Cruz cumial —moi semellante á que se ve en San Félix de Solovio, de Santiago de Compostela sustentada por un ser híbrido, animal con cabeza de muller—, que coroa a fachada occidental do edificio. Ao meu entender, este notable conxunto iconográfico pode considerarse como unha simbólica representación do trunfo da Eirexa de Cristo sobor das herexías. (Na parroquial de San Vicenso de Ferrenzas —Aranga— existe unha antefixa que se aprecia asinmesmo nun híbrido análogo).

A referida cruz e correspondente pedestal proceden tamén dun templo anterior —do XIII igualmente—, que tería o seu emplazamento, contoda seguridade, por aquela zona. Ambos elementos foron reproducidos, como dixen ao comezo, por Castelao na súa indicada monografía.




Figura 4

Betanzos. San Martiño de Tiobre.—Dragón situado no muro testeiro do ábside (parte da dereita), sustentáculo románico dunha desaparecida cruz de igual época, que culminaba antigamente a espadana do templo e que, por certo, moito preocupou ao cronista brigantino Verín Seijas (1753-1834), pois coidaba éste —segundo a Méndez Silva— que a mentada efixie era emblema empregado polos suevos antes da súa conversión ao catolicismo, o que deu pé para que aquel historiador considerase como desa lonxana época a restauración da eirexa actual, criterio que aceptaron, sen nengún reparo, diversos autores.

A imaxen de referencia foi trasladada para o ábside cando se levó a cabo a ampliación da espadana.

Castelao —ob. cit. páx. 61— preséntanos o debuxo do dragón de Rebordelo (Cotobade), románico asinmesmo que é, segundo podemos apreciar, bastante parecido ao tiobrense.




Figura 5

Betanzos. San Martiño de Tiobre.—Outro aspecto do aludido dragón.




Figura 6

Betanzos. Eirexa de Tiobre.—Carneiro emprazado no piñón do ábside; non ten antefixa. Segundo Verín —HISTORIA DE LA FUNDACION DE LA CIUDAD DE BETANZOS, ANTIGUA Y MODERNA, manuscrito autógrafo e inédito, datado no 1812, que conservamos na nosa biblioteca particular—, o referido animal levaba sobor das costas un triángulo de pedra no que aquel erudito via representado o misterio da Trindade.




Figura 7

O Agnus Dei tiobrense visto de fronte.




Figura 8

Eirexa de Tiobre.—Híbrido —cabeza humana unida a un corpo informe que remata nunha testa de carneiro— colocado no muro testeiro do ábside (parte da esquerda). Na miña opinión, é éste un exemplar acusadamente románico, que serviu, sen dúbida algunha, de base de antefixa —conserva o oco en que estivo introducido o pé da cruz—, descoñecéndose a súa primitiva ubicación.




Figura 9

Eirexa de Tiobre.—Peza granítica que campeaba no cume do muro testeiro da nave. Acompañados de certos relevos de difícil interpretación, aparecían esculpidos naquela, dous bustos, un de home e outro de muller, que para Verín representaban a "los dos esposos, Reciario y Teudereda, él suevo y ella goda, hija de Teodomiro, rey godo de la Italia" (!). Tampouco neste lugar atopamos a cruz sostida polo año, omisión un tanto estraña, xa que no período románico parecía obrigado —nas terras galaicas ao menos— o emprazamento destas dúas formas iconográficas sobor da cabeceira da nave principal dos edificios relixiosos e no ponto culminante do ábside.

Ignoramos o paradeiro de labra tan singular. (Bebuxo do mencionado escritor, que figura no repetido ms. Reproducción de Xosé Antón.)




FIGURA 10

A eirexa de Tiobre —segunda metade do século XII— nos nosos días. Verín Seijas atribuí a súa construción ao emperador Constantino; pero aínda vai máis lonxe o cronista local Martínez Santiso, pois na súa HISTORIA DE LA CIUDAD DE BETANZOS —páxs. 89, 90, 92 e 101— chega a afirmar que a erección do actual edificio débese ao Apóstolo Santiago cando éste se atopaba no pobo brigantino propagando a doutrina do Evanxeo. Como claramente se nota, os escritores nomeados deixáronse arrastrar nesta ocasión, como en tantas outras, polos fabulosos relatos dos falsos cronicóns, causando con isto, lamentábelmente, gravísimos perxuicios á verdade histórica.




Figura 11

Concello de Aranga. Eirexa parroquial de San Vicenzo de Fervenzas.—Cruz cumial do ábside, por sustentáculo un híbrido semellante, ao de Santa María do Azogue, cuasi análoga ás de San Miguel do Castelo, de Guimaraes, e a Virxen do Camiño, de Muros (vid. Castelao ob. cit., gráfico 29, c).




Figura 12

Aranga. Eirexa parroquial de San Cristobo de Muniferral.—Cruz do testeiro da nave, vencellada ao círculo, como as que se ven nas parroquiáis de Cuiña, Vilamourel, Colantres e Mondoí, Castelao —ob. cit., páx. 56— recolle algunhas do mesmo tipo existentes no resto de Galiza e en Portugal. Esta antefixa apóiase directamente sobor do muro




Figura 13

Aranga. Eirexa parroquial de San Cristobo de Muniferral.—Antefixa do ábside. Descansa sobor dunha peza prismática totalmente lisa.



Figura 14

Concello de Cesuras. Eirexa parroquial de San Xiao de Mandaio.—Antefixa situada no muro testeiro da nave. Ten como soporte, en lugar do apocalíptico año, a representación dun touro, a semellanza dos bóvidos que ostentan igualmente as parroquiáis de Mondoí, Porzomillos, Vila-mourel e a capela de San Cosme de Mántaras. (Século XII). O touro como sustentáculo de cruz é descoñecido, que eu seípa, no resto do país. Castelao non o menciona con tal carácter en nengunha das súas páxinas. A introducción deste animal no cumio dos templos, poida ser que teña relación co touro de San Lucas, non sóio como símbolo do Evanxeo, senón tamén polos cornos que aquél porta, verdadeiros atributos —na opinión dalgúns tratadistas da omnipotencia divina.

Mas volvendo á devandita antefixa, diréi que ésta é dun tipo análogo á que figura no piñón do ábside da mesma eirexa, así como ás cruces que presiden os ábsides de Santiago de Ois e Porzomillos. Algunhas das antefixas que Castelao presenta no gráfico 29-a, do seu referido libro, teñen moitos puntos de contacto coas mandaiesas.




Figura 15

Eirexa de San Xiao de Mandaio.—Antefixa que figura no piñón do ábside. (Século XII).




Figura 16

Concello de Coirós. Eirexa parroquial de San Salvador de Colantres (Collantres).—Cruz sobor do muro testeiro da nave. Aludéuse a esta antefixa ao falar da de San Cristobal de Muniferral.




Figura 17

Coirós. Eirexa parroquial de Santa María de Ois.—Antefixa existente no piñón do ábside, semellante ás do mosteiro de Seoane? e Paços de Ferreira deseñadas por Castelao na ob. cit., páx. 50.





Figura 18

Coirós. Eirexa de Santa María de Ois.—Antefixa do testeiro da nave. É igual á do ábside do mesmo tempo, samente que eiquí adopta outra posición. Carecen ambas de sustentáculo zoomorfo.



XA 81

FIGURA 19

Betanzos. Eirexa de Santa María do Azougue, porta do muro meridional. Cruces que ornamentan o tímpano, de entrelazos as dúas lateráis, inspiradas ambas, probábelmente, nas antefixas de Santa María de Ois. As cruces de entrelazos vense con moita frecuencia en tímpanos de portadas románicas —a xuício de Castelao, ob. cit., páx. 46— "Os modelos mais enxebres da arte celta son os entrelazos".




Figura 20

Coirós. Eirexa parroquial de Santiago de Ois.—Cruz do piñón do ábside. Fíxose referencia a ela ao estudar as antefixas de Mandaio.




Figura 21

Coirós. Eirexa de Santiago de Ois.—Antefixa sostida por un carneiro, que señora o muro da cabeceira da nave. Non ten aspecto de cruz; parece máis ben que se trata dun fragmento de celosía prerrománica. Dela ocupouse Anxel del Castillo no "Boletín da Real Academia Galega" —número 121, páx., 19—, Reproducíndoa Carré Aldao —ob. et, cits., páx. 882— e, máis tarde, Castelao na repetida monografía, gráfico 29, g.



Figura 22

Concello de Irixoa. Eirexa parroquial de San Lourenzo de Irixoa.—Antefixa do ábside levantada sobor dunha peza granítica de forma prismática. Algunhas das cruces debuxadas por Castelao —ob. cit., gráfico 29, b— parece que teñen certa semellanza coa deste templo.




Figura 23

Irixoa. Eirexa parroquial de San Tirso de Ambroa.—Cruz do ábside, emprazada sobor do mesmo muro. A antefixa de Santa María de Sacos (Cotovade) é de idéntico tipo (vid. Castelao, ob. cit., gráfico 29, i).




Figura 24

Irixoa. Capela de San Cosme de Mántaras.—Agnus Dei do ábside. O animal está debruzado e non porta cruz nenhuma, por ter ésta desaparecido.



Figura 25

Irixoa. Capela de San Cosme.—Touro, tamén debruzado, no testeiro da nave, sustentando no lombo unha cruz quizáis da mesma época.




Figura 26

Irixoa. Capela de San Cosme.—Resto de base de antefixa que destaca na cúspide do frontispicio da eirexa. Ten aparencia zoomorfa.




FIGURA 27

A ermida de San Cosme pertencente á freguesía de Santa María de Mántara e ubicada no cume do monte de San Antón. Obra de finais do século XIV na que se emprazaron as pezas de que demos conta, elementos que, sen dúbida algunha, proceden dunha eirexa románica anterior, alí levantada con finalidade —é de supoñer— de cristianizar o lugar, que, quizáis, fose un importantísimo centro de culto idolátrico, pois fai uns cantos anos tivemos a imensa satisfacción de descubrir nos arredores da capela unha interesante necrópoli prehistórica integrada por cerca de dúas dúzias de túmulos dolménicos —varios deles sen violar, ao parecer—, hoxe lamentábelmente invisíveis pola grande cantidade de maleza —toxo, sobor todo— que os oculta e que sería moi necesario poñer axiña ao d'escoberto, cousa que pode correr por conta da Diputación cruesa, de acordo, naturalmente, coa Dirección Xeral de Arqueoloxía.




Figura 28

Irixoa. Eirexa parroquial de Santa María de Virís (Verines).—Cruz no piñón do ábside, sen peana zoomorfa. Rara, non se ve un exemplar semellante na obra de Castela. É moi posíbel que este edificio, que conserva interesantes restos románicos, sexa o inmediato sucesor de outro de época prerrománica ao que pertenceron, seguramente, os dous fermosos capitéis que, utilizados como elementos decorativos, poden ollarse hoxe na entrada do xardín anexo á casa reitoral.




Figura 29

Concello de Oza dos Ríos. Eirexa parroquial de San Pedro de Oza.—Carneiro, imperfectamente labrado, no testeiro da nave, portando cruz de tipo moderno.




Figura 30

Oza dos Ríos. Eirexa parroquial de San Nicoláu de Cis (Cines).—Carneiro de pé, descabezado, soporte de antefixa románica, que se atopa no adro do templo, a pouca distancia da fachada principal.




Figura 31

Oza dos Ríos. Eirexa parroquial de Santa Cruz de Mondoi.—Carneiro debruzado existente no piñón do ábside, sustentando cruz moderna




Figura 32

Oza dos Ríos. Eirexa de Mondoi.—Touro portando cruz inscrita nun círculo, que se ergue sobor do testeiro da nave. Véxase un conxunto semellante a éste no templo de San Xoán de Vilamourel




Figura 33

Oza dos Ríos. Eirexa parroquial de San Pedro de Porzomillos. Antefixa chantada enriba dun carneiro, conxunto que se ve no piñón do ábside. A cruz é do tipo das de Mandaio e ábside de Santiago de Ois




Figura 34

Oza dos Ríos. Eirexa de Porzomillos.—Touro do testeiro da nave. Fáltalle a cruz que debía levar sobor do lombo; no seu lugar porta unha perilla de factura barroca




Figura 35

Oza dos Ríos. Eirexa parroquial de Santa María de Cuíña.—Cruz asociada ao círculo, situada no muro testeiro da nave. Aludiuse a ela ao falar da de San Cristobo de Muniferral,




Figura 36

Concello de Paderne. Eirexa parroquial de San Xoán de Vilamourel.—Touro con cruz inscrita nun círculo, animal emprazado no testeiro da nave. É unha escultura análoga á da cabeceira da nave de Santa Cruz de Mondoí, como pode observarse na figura núm. 32.




Figura 37

Paderne. Eirexa de Vilamourel. Cruz inscrita nun círculo. Está situada no piñón do ábside. Carece de soporte zoolomorfo.

(Remate)

Finalizando o tema e a xeito de resume, debo indicar que a área en que me desenvolvín para realizar o estudo das pezas mencionadas, foi, concretamente, a que corresponde ao anterior partido xudicial de Betanzos —Abegondo, Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne e Sada—, que, para min, constitui a comarca natural das Mariñas brigantinas, cúa capital é, indiscutibelmente, a cidade do Mandeu.


Os municipios en que existen as referidas cruces son, como vimos, os de Betanzos, Aranga, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza dos Ríos e Paderne —todos, cuasi, do interior do territorio aludido—; e moito, por certo, temos que agradecer aos reitores e mecenas que posibilitaron a conservación de tales elementos, verdadeiras alfaias da arquitectura galega, que non nos cansaremos de admirar e gabar afamadamente.

As antefixas que mais abundan son as que se atopan asociadas ao círculo, destacando entre elas, polo seu grande valor artístico, as de Mandaio e Porzomillos.

Os carneiros, conformo podemos apreciar, están decote debrozados, postrados, agas o de Cis que aparece de pé, mostrando ben patentes os seus órganos xenitais, como lles aconteceu ás dúas esculturas zoomorfas que sustentan o cenotafio de Andrade “O Boo” na eirexa conventual de San Francisco de Betanzos, aínda que estas figuras foron labradas, por encargo do devandito magnate; no último terzo da décimocuarta centuria e o año ciniense pertence, se non estáu trabucado, ao derradeiro do século XII.

Os touros non teñen todos idéntico logro estético; depende, claro está, da habilidade do artífice. Ao meu xucio, as representacións que mais se aproximan á realidade son as que coroan os testeiros das naves das eirexas de Mandaio e Porzomillos, dando a sensación de que ambas efixies son obra da mesma man.

Betanzos dos Cabaleiros, primavera do 1981



Gravuras nun porta munición de caza feito do corno dun boi, no remate ten unha lenda co nome do seu propietario, que di o seguinte:
 SOI DE A O RODRIGUES.

(Museu das Mariñas)
 Depósito de X. R. N.